



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

REUNION

Dirección - Rep. Sindical (09/02/11)

Nesta reunión tratáronse os temas seguintes:

Non actividade no Sistema II.- A Dirección comunícasenos que, por motivo da falta dun compoñente no modelo C-4 Picasso "grupo electroválvula" do Provedor TRW, este **xoves, día 10**, non haberá actividade na quenda de tarde e **o venres, día 11**, en ámbalas quendas, mañá e tarde, tendo a consideración de días de Adecuación de Xornada. Ademais diso seguen manténdose o Luns día 21 e Martes día 22 de Febreiro de non actividade. Comentan que tamén están pendentes do conflito laboral de Treves (provedor abicado no polígono industrial de Pontevedra) que suministra compoñentes para o C-4 Picasso).

Producción Marzo.- Prevéen manter o volume de produción previsto, para elo:

Sistema I.- asinan 3 sábados de velada (5 e 12 de Marzo e 2 de Abril) e 3 Domingos noite de 8 horas (6, 13 e 20). Tamén informan de que está previsto subir a cadencia de 45 a 47 veh/hora para o 29 de Marzo, reducindo o horario de traballo na quenda de noite a 6 horas ata que os provedores poidan asumir este incremento na produción diaria. Esta medida acentúa non só o desequilibrio con respecto o Sistema II, tal como a C.I.G. pretendía corrixir para evitar esta ERE, senón que ademais implica unha penalización na carga de traballo para os traballadores/a da quenda de noite.

Sistema II.- xornadas de luns a venres e sen sábados de velada.

Criterios da 6ª semana volante.- A Dirección, para unha mellor organización nos Talleres, comunícanos dúas modificacións nos criterios para poder acollerse:

1º) Os traballadores/as que estean en zoas comúns e dispoñan de +7 días de bolsa de horas irán o sorteo, aqueles que dispoñan entre +1 e +7 falarán con eles para consultar si se queren acoller, tendo en conta que poderían acabar con saldo negativo.

2º) Na quenda de noite, van habilitar o calendario para o descanso da sexta xornada dende finais de Marzo. Este descanso paralizano no mes de Xullo para que os traballadores/as que dispoñen de +1 día na Bolsa de Horas poidan dispor da 6ª Semana volante.

ERE.-Comenta que xa foi entregado Expediente ante a Administración. Pola nosa parte farémolles chegar as nosas xustificadas discrepancias, e que son coñecidas polo conxunto dos traballadores/as.

Estado Financeiro do Grupo.- Neste punto a Dirección maniféstanos que no ano 2010 o resultado de operación corrente da división do Automóbil (ROC) foi de +621 millóns de €, fronte os -1257 millóns de € do 2009.

Por parte da C.I.G. preguntamos que tratamento se lle ía dar os días que estaban asinados como Adecuación de Xornada e no seu lugar se realizaba formación. A Dirección manifesta que o final de ano se regularizará e ós días que excedan a xornada individual acordada por Convenio Colectivo (218) serán integrados na Bolsa de Horas.

Confederación Intersindical Galega